

## Libros para posobrigatoria



Kazuo Ishiguro, **Premio Nobel de Literatura 2017**, obtivo o Premio Novela Europea Casino de Santiago 2006. con esta novela, ambientada en Inglaterra, finais do século XX. No medio da idílica paisaxe campestre, un colexio exclusivo acubilla os seus alumnos, protéxeos do mundo exterior, failles crer que son especiais, auténticos seres escollidos. Mais, por que están realmente alí?

**Premio García Barros 2017**  
Vilagarcía, principios do século XX. O destino dos mariñeiros ingleses e alemáns crúzase coas arelas de liberdade dunha moza que intenta ceibarse das estreitezas e ataduras da Galicia daquel tempo. Moitos anos despois, no Cemiterio dos Ingleses só queda unha tumba anónima, a número un. Alí agarda o misterio final, o dese sartego e o seu descoñecido ocupante. O enigma que arrodea a vida de Delia Cores e do seu fillo Edelmiro, o xardineiro dos ingleses.




Amemos  
o tempo que turra de nós e que nos leva.  
Inda que o ceo está azul e non hai nubes e non chove,  
sempre é cedo  
para o froito que agardamos e non chega.

Amemos á rosa porque é breve  
e ao tempo porque fuxe e non se para,  
inda que á beira das horas, nas esquinas,  
morran as verdades contra o vento  
i a noite seña un recendo podrecido  
das flores que chantamos para salvarnos.

Amemos  
as bocas que mancan ao bicalas,  
aos pianos que medran e non tocan  
e ás tardes fermosas que se acaban.

Amemos  
inda que a esperanza turre cara abaixo  
a vencellarnos sempre contra nuncas  
de campos sen aire e corazóns parados.

**Carlos Casares. Letras Galegas 2016**



## No Nadal agasalla aos que queres con libro galego





Porque...  
Quen ben te quere,  
farache ler.




Equipo de Normalización  
Lingüística e Biblioteca  
IES Terra de Soneira  
Vimianzo

## Libros para o 1º ciclo da ESO

A que xogan os defuntos os xoves pola noite no mausoleo de Escarlatina? Lograría a cociñeira montar o seu propio restaurante? Quen goberna no Alén na actualidade? Quen foi o verdadeiro asasino de Amanito? Son moitas as preguntas que flotan no ar, entre as tumbas dos defuntos



David é o único fillo dunha parella de emigrantes galegos en Nova Jersey que viaxa a Galicia, onde só estivera ao pouco de nacer, para asinar os documentos de venda da casa da familia. A súa intención inicial é regresar de inmediato, pero axiña van aparecendo razóns polas que prolongar a visita: Galicia, a familia, o misterio da «casa de Formoso» e o amor.



Genet Mullugueta naceu nunha aldea de North Wolloh en Etiopía. Coñece a Abebe, un médico e voluntario da federación de atletismo que, sorprendido coa súa resistencia e velocidade, lle propón adestrar en Meskel Square. Dende entón, a súa vida mudará, como a doutras nenas, mozas e mulleres etíopes que corren contra si mesmas sen fin

Protagonizada por uns nenos que non tiñan idea de facerse heroes, e que levaron a vacina da variola a América. A historia comeza en 1803. Na miseria dos orfanatos. Nun barco que pode ser tamén unha tumba. Nun mar hostil e desapiadado. No medio dese universo cruel, a esperanza e un posible futuro. O heroísmo anónimo de 22 nenos que, grazas a este libro, xa non o serán máis nunca.



## Libros para o 2º ciclo da ESO

Quizais nunca o pensases. Quizais nunca considerases que algo así podería chegar a acontecer. Así que inténtao. Intenta imaxinar por un momento o que habías sentir se un día descubres que vas ser o causante da morte de sete mil millóns de persoas. Imaxina que es un Xinete da Apocalipse



Era unha vez o xefe dunha banda de corenta ladróns. É un home bo que se chamaba Alí Babá. E unha cova chea de tesouros que abría cando alguén dicía: “Ábrete, sésamo!” Todos coñecemos a historia. Marilar Aleixandre contanos o conto de sempre mais non coma sempre